

## Lingua galega (maiores de 45 anos)

### Criterios de corrección

#### Cuestións:

#### 1. Explique brevemente o significado das seguintes expresións subliñadas no texto: (1 punto).

- É gratificante.
- Isto é gandaría; o outro é industria.

Outórgase 0,5 por cada expresión ben explicada.

Trátase de explicar con frases gramaticais o significado específico que estas expresións teñen no texto. Abondará con que se perciba que o alumnado entenda a expresión, sen que se esixa unha definición exacta. Pódense atribuír puntuacións parciais segundo a precisión da resposta.

#### 2. Elabore un esquema coas ideas principais e secundarias do texto e pónalle un título (2 puntos).

Asígnase medio punto por indicar un título (só 0,25 se se trata dun título moi obvio). O punto e medio restante corresponde a unha enumeración das ideas principais e secundarias do texto, de xeito que resulta fundamental que prioricen que contidos consideran máis relevantes. Non se consideran válidos resumos ou paráfrases do artigo. Puntuacións parciais poden ser atribuídas a respostas incompletas ou con faltas de precisión e exactitude.

#### 3. “Estará *san*, supoño. Unha persoa *sa* non necesita medicinas.” Nesta expresión do texto encontramos o mesmo adxectivo nos dous xéneros (masculino e feminino). Indique o xénero dos seguintes substantivos ou adxectivos tirados do texto e, sempre que sexa posible, sinala o xénero contrario: *gandeiro*, *vaca*, *pesticida*, *semente*, *leite* (1 punto).

Atribúese 0,1 a cada xénero indicado correctamente e 0,25 á formación do xénero contrario nos dous casos posibles (*gandeiro* e *vaca*).

#### 4. Identifique que tipo de construcións verbais son as seguintes (marcadas en letra negra no texto). Explique o seu significado e substitúaaas en cada caso por outras de significado equivalente: *tes que estar/usar/levar*; *comeza a telas/a haber*; *habían morrer*; *pode ter* (2 puntos).

Atribúese medio punto a cada perífrase ben analizada (0,25 por indicar o tipo de perífrase ou explicar o seu significado e 0,25 por engadir outra de significado equivalente). Asignáanse puntuacións parciais se sinalan que se trata de perífrases verbais.

**5. Redacte un comentario crítico sobre o tema do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do entrevistado (4 puntos).**

De acordo co programa desta materia, o alumnado debe escribir un comentario crítico no que demostre a súa capacidade de expresar de maneira organizada e razoada ideas sobre o tema do texto, poñendo en relación os aspectos máis relevantes deste cos coñecementos, ideas e experiencias propias. No comentario someteranse a xuízo crítico as ideas do texto e a súa intención, evitando as paráfrases, resumos ou a repetición do seu contido. As persoas que se examinan deben expoñer os seus argumentos de maneira organizada, producindo un texto redactado con coherencia e cohesión, por medio dos recursos lingüísticos apropiados e correctos.

Na avaliación deste comentario valorarase a pertinencia dos argumentos, pero sobre todo a correcta construción do texto (organización da información) e a adecuación e a corrección lingüística (redacción, adecuación do nivel de lingua, gramática, léxico, ortografía, puntuación).